

Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega 2020/2021

O equipo de **Dinamización da lingua galega** do Colexio Amor de Deus:

- ✓ Tenta asentir a idea de que as linguas suman e o seu coñecemento é sempre enriquecedor
- ✓ Aposta pola valoración e a estima do galego como un ben cultural de primeira magnitude que debemos usar, conservar e transmitir
- ✓ Fomenta o interese polo emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación, por iso tende ao uso normal do galego en todas as situacións comunicativas
- ✓ Cultiva o interese pola literatura galega no marco ibérico, europeo e universal
- ✓ Ofrece a súa colaboración e anima aos diferentes departamentos a que ofrezan os seus proxectos didácticos tamén en galego, así como calquera outro documento oficial.
- ✓ Pretende consolidar a percepción de que non é necesario deostar outras linguas e culturas para defender a que consideremos propia.
- ✓ Está interesado en divulgar a idea de que España é un Estado plurilingüe e pluricultural que cómpre coñecer e estimar na súa diversidade.

